Proxecto orz4mentos 2011

# GASTO ESTRATÉXICO

Obxectivos e programas

# II. GASTO ESTRATÉXICO

## II.1. FORMULACIÓN DA ESTRATEXIA DO PEG 2010-2014 HORIZONTE 2020

O Plan Estratéxico de Galicia 2010-2014 horizonte 2020 integra os obxectivos e as prioridades estratéxicas que compoñen unha política económica capaz de constituír un apoio e unha referencia para a sociedade, e en particular para o tecido produtivo, coa finalidade de aumentar a riqueza de Galicia e o benestar dos seus cidadáns, mediante o aumento da competitividade nun mercado globalizado, baseándose na produtividade e na innovación.

O Plan asume como obxectivos propios os principios orientadores da estratexia económica da Unión Europea, que se formulan a partir dun crecemento económico sostido por tres prioridades:

-*"crecemento intelixente"*, avanzando nun modelo económico de desenvolvemento baseado no coñecemento e na innovación.

-*"crecemento sustentable"*, reforzando o progreso dunha economía que faga un uso máis eficaz dos recursos, máis verde e competitiva.

-*"crecemento integrador"*, priorizando unha economía con alto nivel de emprego, que permita un sistema socioeconómico cohesionado social e territorialmente.

Esta orientación europeísta do modelo galego de desenvolvemento, compleméntase cos resultados do exame da situación económica de Galicia a través da análise DAFO de ameazas, fortalezas, debilidades e oportunidades, que lle engaden as circunstancias propias dentro do espazo económico de España e da Unión.

Así, a planificación formulada no Plan recolle, no ámbito estratéxico, tres niveis de obxectivos: un Obxectivo global, cinco Eixes de actuación, e dezaseis Obxectivos Estratéxicos (OE), que establecen e desenvolven un conxunto de máis de cen medidas nas que se integran no plano operativo todas as actuacións dos programas de gasto da Xunta.

O Obxectivo global do Plan Estratéxico persegue incrementar o benestar e a calidade de vida dos cidadáns galegos, a través da renda proporcionada por unha economía competitiva e unha Administración solidaria, mediante o fomento da economía do coñecemento e da innovación, gañando en produtividade, o que abrirá as oportunidades para a creación de emprego de calidade, o reforzo da cohesión social e o equilibrio territorial.

| | |
|---|---|
| **Táboa 1. Árbore de obxectivos do Plan estratéxico de Galicia 2010-2014** | |
| **OBXECTIVO GLOBAL: CRECEMENTO SUSTENTABLE E CREACIÓN DE EMPREGO, AUMENTANDO A COHESIÓN SOCIAL E O EQUILIBRIO TERRITORIAL** | |
| **OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS** | |
| **EIXE 1: COHESIÓN SOCIAL, BENESTAR E CALIDADE DE VIDA** | |
| 1.1 | Revitalización demográfica, impulsando os nacementos e fomentando a conciliación da vida familiar e laboral. |
| 1.2 | Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para todos os galegos e galegas. |
| 1.3 | Garantir o acceso á educación e á cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe. |
| 1.4 | Atención ao benestar social. |
| 1.5 | Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais. |
| **EIXE 2: DINAMIZACIÓN ECONÓMICA, CRECEMENTO E EMPREGO** | |
| 2.1 | Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso aos mercados, aumentando a accesibilidade do territorio e mellorar as redes de transporte e a seguridade viaria. |
| 2.2 | Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas. |
| 2.3 | Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clusters e o fomento da innovación e cooperación empresarial. |
| 2.4 | Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego. |
| **EIXE 3: ECONOMÍA DO COÑECEMENTO** | |
| 3.1 | Construír unha sociedade competitiva baseándose na investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento. |
| 3.2 | Modernizar e promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos produtivos, sociais e dos servizos públicos. |
| **EIXE 4: SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL** | |
| 4.1 | Converter o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida. |
| 4.2 | Desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única. |
| 4.3 | Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático. |
| **EIXE 5: ADMINISTRACIÓN AUSTERA, EFICIENTE E PRÓXIMA AO CIDADÁN** | |
| 5.1 | Acadar unha Administración moderna e próxima, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeneralizando o emprego das TIC en todos os seus ámbitos de actuación. |
| 5.2 | Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia. |

Ese Obxectivo global alcanzarase pola interacción e os efectos directos de cinco eixes mestres, dos que as actuacións se complementan entre si e inciden positivamente nos factores económicos: o desenvolvemento do capital humano, o aumento da dotación

de capital físico e a constante introdución e mellora de procesos tecnolóxicos eficientes e innovadores.

A correspondencia entre eixes de actuacións e obxectivos estratéxicos conforma unha árbore de obxectivos de modo que de cada un dos eixes dependen aqueles obxectivos estratéxicos que estean relacionados con el dunha forma máis directa e específica. Do mesmo xeito, a correspondencia coherente entre os programas orzamentarios de gasto e as actuacións incluídas no Plan facilitan o seguimento e o control dos resultados, camiñando cara a unha execución do gasto por obxectivos.

Na táboa 1 móstrase a vinculación estratéxica entre os eixes e os obxectivos estratéxicos do PEG.

O Eixe 1 *"Cohesión social, benestar e calidade de vida"* descomponse nos 5 obxectivos estratéxicos 1.1, 1.2, 1.3, 1.4 e 1.5.

O Eixe 2 *"Dinamización económica, crecemento e emprego"* está relacionado en grao alto cos obxectivos estratéxicos 2.1, 2.2, 2.3 e 2.4.

Os obxectivos estratéxicos 3.1 e 3.2 inscríbense no marco de actuación do Eixe 3 *"Economía do coñecemento"*.

Os obxectivos estratéxicos 4.1, 4.2 e 4.3 presentan unha correlación alta co Eixe 4 *"Sustentabilidade ambiental e equilibrio territorial"*.

E por último, do Eixe 5 *"Administración austera, eficiente e próxima ao cidadán"* derivan os obxectivos estratéxicos 5.1 e 5.2.

A continuación detallase a estratexia do Plan por eixes e obxectivos estratéxicos, así como a análise de coherencia entre estes e as medidas prioritarias do PEG.

### a) Eixe 1: cohesión social, benestar e calidade de vida

Neste eixe aséntanse as prestacións de servizos esenciais para garantir o benestar social, a igualdade de acceso aos servizos públicos básicos de calidade na sanidade, educación e atención á dependencia, á vez que constitúen a salvagarda, en última instancia, dun modelo social estable e produtivo. Por outra parte, unha sanidade e educación de calidade, xunto coa promoción da cultura, acceso á vivenda e políticas de inclusión e revitalización demográfica crean unha base obxectiva para converter a Galicia nun lugar atractivo e superar os problemas demográficos.

Ademais de gozar dos adecuados niveis de renda, dentro dos elementos que contribúen ao benestar social, destacan de xeito tanxible a dispoñibilidade de equipamentos e servizos de saúde, educación, servizos sociais, coidado de dependentes, cultura e lecer.

*OE 1.1. Revitalización demográfica, impulsando os nacementos e fomentando a conciliación da vida familiar e laboral*

Galicia atoparase no 2020, de seguir as tendencias actuais, entre o terzo de rexións europeas que experimentarán un descenso de poboación, con graves repercusións negativas sobre o mercado laboral, o funcionamento dos sistemas de saúde e benestar, e o propio contorno natural.

A estrutura de poboación galega reproduce os contrastes territoriais. As zonas predominantemente urbanas, constituídas polas sete grandes cidades e as súas comarcas (Vigo, A Coruña, Ferrol, Santiago, Ourense, Pontevedra e Lugo) diferéncianse do resto das comarcas, que presentan un rumbo máis rural. Ambas as zonas teñen un peso demográfico case semellante, pero cunha evolución demográfica contrastada favorable ás primeiras.

O desequilibrio demográfico é, posiblemente, o máis grande dos retos que Galicia terá que afrontar ao longo das dúas próximas décadas, e constitúe a fase de estratexia neste obxectivo.

*OE 1.2. Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para todos os galegos e galegas*

A Consellería de Sanidade é a responsable de garantir unha sanidade de calidade, co paciente como centro do sistema. Considérase a sanidade un piar do estado de benestar, un instrumento que contribúe á mellora da calidade de vida dos cidadáns e ao desenvolvemento social.

O sistema sanitario débelles dar resposta ás necesidades dos cidadáns, no menor tempo posible e no lugar máis próximo a eles. Para conseguir o mellor estado de saúde, os servizos que presta comprenden dende a promoción da saúde e prevención da enfermidade ata o tratamento da enfermidade e rehabilitación, e os coidados paliativos; dende antes do nacemento ata o final da vida.

Os cambios na demografía experimentados nos últimos anos xunto coas modificacións dos estilos de vida e das formas de enfermar, así como a presenza de novas enfermidades e o aumento da pluripatoloxía, requiren unha adaptación do funcionamento do sistema para proporcionar unha resposta óptima.

Neste sentido a xestión integrada, a xestión por procesos e a xestión clínica son ferramentas que contribúen a esta adaptación. A implantación e utilización das novas tecnoloxías permiten a prestación de novos servizos e facilitan a reorganización dos servizos sanitarios e dos métodos de traballo.

Desenvolverase un novo modelo organizativo que permita a optimización dos recursos asistenciais para converter o cidadán en protagonista e receptor das políticas de

saúde e os profesionais en protagonistas da estratexia sanitaria, coa finalidade de manter un sistema sanitario viable e responsable.

*OE 1.3. Garantir o acceso á educación e á cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe*

Unha educación de calidade e en igualdade de oportunidades é un dos máis grandes factores de cohesión social, ao tempo que facilita, a título individual, o enriquecemento da propia personalidade e o desenvolvemento das aptitudes.

A educación e os esforzos na formación de capital humano son fundamentais para garantir a participación no mercado laboral e a inclusión social, así como para aumentar a competitividade de Galicia.

A través deste obxectivo trátase de intensificar a relación entre o sistema educativo e as demandas sociais. No seu conxunto, a educación facilita a capacitación dos traballadores, a produtividade e a competitividade da economía. De modo particularmente relevante, a mobilidade de grupos específicos como investigadores e mozos, mozos emprendedores, as facilidades para circulación dos coñecementos, como é o recoñecemento das cualificacións profesionais e os intercambios na senda do programa ERASMUS, son achegas para a permanente mellora do sistema educativo, que persegue a reforma da formación profesional, a reestruturación cara a un ensino trilingüe, a integración das universidades galegas no espazo europeo de ensino superior –EEES– e a introdución das TIC en todos os niveis de ensino.

Inclúese neste obxectivo o desenvolvemento da cultura e as actuacións en materia de patrimonio cultural, arqueolóxico, arquitectónico e etnográfico.

*OE 1.4. Atención ao benestar social*

A atención ao colectivo de poboación con algún tipo de discapacidade ou limitación, que pode causar unha dependencia para as actividades da vida diaria ou necesidades de apoio para a súa autonomía persoal en igualdade de oportunidades, convértese nun reto ineludible para a Xunta de Galicia.

Ademais, dentro da atención global ás persoas en situación de dependencia é necesario desenvolver programas adaptados ás necesidades dos coidadores, cunha orientación psicoterapéutica, nos que se proporcionen estratexias eficaces para o manexo do estres.

Tamén é necesario impulsar o cambio dos sistemas de atención tradicionais, polo emprego das novas tecnoloxías e os servizos de proximidade, que posibiliten un sistema sustentable e a permanencia das persoas durante un maior tempo posible no seu contorno habitual.

En canto as persoas maiores (máis de 65 anos), que supoñen en Galicia o 22% do total da poboación, a atención das súas necesidades e demandas é un obxectivo das políticas sociais que buscan garantir o seu benestar e calidade de vida.

En canto á xuventude, trátase de mellorar o acceso á sociedade de toda a mocidade e a súa plena participación nela, mediante políticas transversais. Incrementarase a orientación e o asesoramento especializado, mediante a creación dunha rede territorial de servizos á xuventude que preste especial atención ás súas problemáticas específicas.

*OE 1.5. Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais*

Este obxectivo comprende as actuacións dirixidas a conseguir unha Galicia máis solidaria e atender os grupos con maiores riscos e vulnerabilidade na procura da igualdade de oportunidades e do acceso aos niveis básicos de benestar social.

A atención aos colectivos con riscos de exclusión debe diferenciarse segundo as necesidades específicas de cada colectivo, perfeccionando as medidas segundo os destinatarios preferentes.

O risco de pobreza afecta en particular aos colectivos de desempregados, aos mozos que abandonen o sistema educativo permanentemente, ás persoas con discapacidade e ás persoas de maior idade, e incluso persoas con traballo poden caer na pobreza. De aí que se potencie o esforzo pola inclusión, integrando no mercado laboral as persoas mediante unha aprendizaxe permanente, especialmente de aqueles colectivos máis afastados dos mercados laborais habituais.

As políticas de cohesión e integración –das que é guieiro o Fondo Social Europeo– seguen axudando a aproveitar en Galicia as oportunidades do mercado único, e ademais diríxense á mellora das condicións de emprego, á saúde e seguridade no traballo, a promover a igualdade de oportunidades e a inclusión social, e á loita contra a discriminación, o racismo e a xenofobia, creando un clima de tolerancia que colabora co desenvolvemento das potencialidades de cada cidadán.

Neste obxectivo inclúense tamén ás accións de acceso e de rehabilitación da vivenda e ás actuacións dirixidas a promover a cultura da solidariedade e do voluntariado.

a) **Eixe 2: dinamización económica, crecemento e emprego**

O obxecto deste eixe supón unha implicación no apoio aos sectores produtivos, á creación de riqueza, á mellora da competitividade, á preparación dos cidadáns para aumentar o espírito emprendedor, e á aposta por conseguir postos de traballo de calidade, tal como se desenvolve na Estratexia Europea polo Emprego. A atención coidada á internacionalización das empresas galegas e a atracción de investimentos exteriores son pedra angular para gañar músculo industrial e empresarial.

Dado o enclave periférico da C. A. en relación aos centros produtivos e mercados máis desenvolvidos, Galicia precisa aínda de elevados investimentos en materia de dotación de infraestruturas de transporte, especialmente daquelas destinadas a aumentar a conectividade cos restantes territorios, coas redes transeuropeas de transporte e de comunicacións. Tamén se impulsarán as infraestruturas loxísticas, especialmente as de solo industrial.

Así pois, aínda que no horizonte a primeira tarefa é a de atender o desafío da crise económica e as consecuencias inmediatas desta, en termos de desemprego, escasos niveis de crecemento e risco de perda de parte do tecido produtivo, este segundo eixe estratéxico persegue actuar intensamente sobre os factores máis directamente relacionados coa competitividade da economía: a mellora do tecido produtivo, a modernización empresarial, a capacitación dos traballadores e a calidade do emprego.

*OE 2.1. Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso aos mercados, aumentando a accesibilidade do territorio e mellorar as redes de transporte e a seguridade viaria*

Este obxectivo persegue a realización dunha política de infraestruturas de transporte que fagan unha Galicia permeable, aberta e integrada nos circuítos e fluxos comerciais e económicos europeos e mundiais.

A característica de Galicia como rexión periférica esixe unha rede de transportes que facilite a mobilidade de persoas e mercancías e o acceso aos mercados, axilizando tempos e diminuíndo os custos de acceso. Trátase de completar os enlaces e vías de transporte aérea, terrestre e marítima que conecten o territorio galego cos espazos económicos máis próximos, como a Cornixa Cantábrica, o centro da Península e o Norte de Portugal, e, á súa vez, con Europa e cos mercados mundiais.

En paralelo, Galicia ten unha posición xeoestratéxica da que cabe aproveitar as oportunidades, o que require que se leve a cabo un exercicio de estruturación do espazo territorial rexional, que aumente a conectividade e accesibilidade interior e impulse un modelo integrado e único de entendemento do equilibrio territorial.

Neste campo, hai tamén un lugar para a participación privada na construción e xestión de aquelas infraestruturas que financeiramente poidan ser obxecto de complementariedade de actuacións, na senda xa apuntada pola Unión Europea en 2004 en canto á colaboración pública e privada e presente nalgúns programas comunitarios como son o JESSICA ou JEREMIE.

Dentro do obxectivo figura unha política de mobilidade baseada no respecto e na sustentabilidade ambiental, seguridade, economía de custos e comodidade das persoas, que precisa de infraestruturas modernas e de medidas organizativas con respecto dos servizos.

*OE 2.2 Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas*

A internacionalización e apertura en réxime de competitividade das empresas galegas constitúe dentro do PEG un obxectivo de primeiro rango para o IGAPE, organismo que desenvolverá unha intensa actividade para o fomento da actividade exportadora das empresas e clusters de Galicia, así como para atraer investimentos foráneos.

Impulsarase a colaboración cos organismos nacionais (ICEX) ou internacionais e coas empresas a través dos clusters, as cámaras de comercio e asociacións empresariais.

A iniciativa privada é un factor importante no progreso e na innovación. O empresariado innovador exerce un papel de tracción na posta en marcha de novas iniciativas e na creación de emprego. Apoiarase aos novos emprendedores e aos proxectos innovadores e impulsaranse instrumentos como os business angels ou os fondos de capital risco, sen esquecerse do capital-semente que teña como obxecto o investimento en proxectos de base tecnolóxica que beneficien a Galicia.

A calidade como referencia propicia que os produtos galegos poidan diferenciarse nos mercados e contribuír a mellorar a organización dos procesos produtivos, o que é un rendible método de publicidade, polo que convén facilitar os procesos de mellora da calidade e en ocasións os de certificación desta.

Mención especial merece a cooperación transfronteiriza con Portugal, de grande importancia para o desenvolvemento socioeconómico dun mercado de máis de 6 millóns de habitantes. O obxectivo é aproveitar as ricas experiencias neste ámbito para dar paso a unha "cooperación de segunda xeración", orientada a cubrir as necesidades dos cidadáns e territorios fronteirizos.

Inclúese neste obxectivo a política de solo industrial, que xunto coas infraestruturas de comunicación, articulan un espazo base de desenvolvemento económico para lograr economías de escala que beneficien aos sectores produtivos e iniciativas empresariais.

*OE 2.3 Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clusters e o fomento da innovación e cooperación empresarial*

A estratexia de desenvolvemento económico de Galicia pasa por converter a diversidade nun factor competitivo dentro dunha economía globalizada, baseándose na especialización.

As vantaxes competitivas que Galicia mostra en determinadas actividades deben ser aproveitadas traducíndoas aos procesos produtivos que acheguen maior valor engadido, baseándose no coñecemento e na innovación, e con riscos menores de deslocalización.

O fomento da cooperación competitiva entre as empresas, redefinindo a política de clusters e a identificación dos sectores prioritarios de atención, impulsará a delimitación espacial de proxectos singulares.

A nuclearización de empresas interconectadas, subministradores e provedores especializados de servizos, empresas e institucións conexas, merece un impulso que dea lugar á cooperación e á innovación competitiva.

*OE 2.4. Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego*

Fronte aos rápidos cambios tecnolóxicos e ás repercusións da globalización é preciso modernizar os mercados de traballo para facelo mais atractivo, eficiente e flexible. A incorporación activa e cualificada ao traballo será unha peza fundamental, especialmente nunha rexión na que o envellecemento da poboación, o menor crecemento natural e a menor entrada relativa de inmigración constitúen elementos constantes.

A articulación efectiva entre o sistema educativo e o produtivo será un obxectivo prioritario, debido aos cambios que se espera acometer na estrutura económica sectorial galega e a rapidez que o mercado habitualmente require. Este elemento centrarase tamén en tratar de evitar a fuga de persoal cualificado formado no ámbito rexional e que por falta de posibilidades se ve obrigado a abandonar.

Para mellorar as taxas de emprego introduciranse no mercado de traballo actuacións que permitan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, o aumento dos servizos de apoio e o fomento da igualdade de oportunidades, así como as que potencien as empresas de economía social.

No marco do diálogo social, impulsaranse medidas enmarcadas no Acordo para a prevención de riscos laborais 2010-2014, para reducir a sinistralidade laboral e promover o cambio cara a unha cultura preventiva asociada á actividade natural das empresas. E tamén desenvolveranse medidas do Plan autonómico de emprego 2010-2014, que ten como finalidade potenciar a inserción laboral dos desempregados, formar o espírito emprendedor empresarial e mellorar a calidade do emprego. Así mesmo, promoveranse actuacións que faciliten a incorporación laboral aos inmigrantes e aumenten a súa formación a través do Plan de integración laboral dos inmigrantes 2010-2014.

Finalmente, unha batería de accións vai enfocada no camiño da "flexiguridade", impulsando formas de organización do traballo e de contratacións laborais que gocen de flexibilidade concertada entre as partes e que sexan contractualmente seguras e aceptadas polos axentes sociais e económicos.

a) **Eixe 3: economía do coñecemento**

Galicia proponse impulsar a economía do coñecemento aplicada ás necesidades do tecido empresarial, investindo de xeito eficaz en investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación empresarial, co fin de mellorar o seu posicionamento no conxunto da economía europea e de converterse en referente de excelencia naqueles sectores nos que a rexión presenta vantaxes comparativas.

A C.A. deberá ser capaz de reducir a fenda de I+D que a separa do conxunto de España e de Europa e de poñer en marcha un modelo de crecemento económico que, en lugar de basearse en actividades de escaso valor engadido e intensivas en man de obra, se fundamente na aplicación de coñecemento, innovación e tecnoloxía. Todo iso conseguirase fortalecendo a competitividade das empresas, a presenza internacional e o esforzo investidor en actividades de I+D, mellorando a coordinación e a articulación co resto de axentes do Sistema de Innovación (universidades e centros públicos de investigación, centros tecnolóxicos, sistema educativo, institucións financeiras e outros axentes catalizadores).

O obxectivo xeral é consolidar un sistema en Galicia de I+D+i, establecendo medidas que incentiven e vertebren as actividades de investigación.

En paralelo, unha das oportunidades que se lle presentan a Galicia para aumentar a competitividade radica no emprego xeneralizado das novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).

*OE 3.1. Construír unha sociedade competitiva baseándose na investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento*

A investigación básica continua sendo un factor esencial para a consistencia a longo prazo dos sistemas de investigación e innovación.

A relación universidade-empresa evolucionou positivamente en España e Galicia, pero sen chegar a ser aínda pedra angular da innovación e da economía do coñecemento. É por iso que os proxectos significativos entre universidade e empresa deben crecer en cantidade, calidade e dimensión.

Polo tanto, incrementar os procesos de innovación, racionalizar o esforzo público, implicar en maior medida ás universidades na colaboración coas empresas innovadoras, e adoptar as medidas que incentiven e promovan os recursos que as empresas galegas lle dedican á I+D+i resume este obxectivo estratéxico para avanzar nunha sociedade innovadora.

No conxunto, asúmese como meta cara ao 2020 que o 3 por cento do PIB de Galicia sexa investido en I+D.

A execución do Plan galego de innovación 2011-2015 constituirá a ferramenta de

partida para desenvolver as políticas públicas de I+D+i, enfocado cara ao fomento da I+D+i nas empresas, e na creación e mellora de centros tecnolóxicos, plataformas tecnolóxicas, centros de competencia e centros de excelencia científica.

Xa no terreo propio da Administración, destácase o interese pola investigación en campos de interese social como a sanidade, educación, medio ambiente, etc., coa finalidade de desenvolver criterios, procedementos e sistemas de xestión que ordenen os recursos dedicados á I+D+i e melloren os servizos aos cidadáns.

*OE 3.2. Modernizar e promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos produtivos, sociais e dos servizos públicos*

A desaparición da fenda dixital que separa Galicia das rexións máis desenvolvidas é un obxectivo transversal. Trátase de integrar o tecido empresarial e a sociedade galega no novo contexto dixital e darlle pulo a unha economía do coñecemento que sirva de base para o progreso económico e social e para o logro de maiores niveis de benestar para a totalidade da poboación galega.

Para incorporar á sociedade no uso das TIC precísase de investimentos en infraestruturas tecnolóxicas, pero hai que ir máis aló, involucrando a todos os axentes no coñecemento e uso das TIC, ata conseguir un grao de alfabetización dixital que garanta oportunidades económicas, laborais e culturais.

As TIC deben desempeñar un papel importante como instrumento de compensación dos desequilibrios territoriais de Galicia. De feito, un avance significativo no emprego adecuado das TIC suporá un importante salto cualitativo na superación de moitos problemas que o illamento xeográfico ten agudizado na rexión.

O Plan estratéxico tecnolóxico global da Xunta de Galicia, a denominada Axenda Dixital de Galicia 2014.gal, supón a definición do modelo xeral de organización das TIC na Xunta de Galicia, que dará resposta aos novos criterios estratéxicos, orgánicos e funcionais. Así mesmo, identifica as liñas estratéxicas de desenvolvemento dos sistemas de información, das redes de comunicacións, e a súa extensión á Administración pública e á sociedade galega.

a) **Eixe 4: sustentabilidade ambiental e equilibrio territorial**

Galicia ten que converter o seu territorio na mellor e máis valiosa das súas vantaxes comparativas: o carácter irrepetible do noso medio natural, paisaxe, cultura, recursos humanos, todos eles postos ao servizo do crecemento e buscando o equilibrio entre as zonas.

A cohesión territorial e a busca dun desenvolvemento sustentable e harmónico conseguirase protexendo os recursos endóxenos, garantindo a solidariedade entre territorios e a cohesión social, preservando o medio e o contorno, e impulsando a igualdade na

accesibilidade e conectividade aos servizos públicos esenciais, aló onde se atopen.

Baixo o enfoque do reequilibrio territorial, o plan acolle tamén as actuacións compensatorias de estímulo empresarial e complementarias para a dotación de servizos persoais e empresariais que atendan as especificidades territoriais de Galicia e permitan un desenvolvemento harmónico do territorio, como xa se iniciou cos plans Impulsa para as provincias interiores de Lugo e Ourense, o Plan director para Ferrol e as comarcas do Eume e Ortegal, e os distintos plans con vocación de estratexia e equilibrio territorial.

Impulsaranse as oportunidades que se lle presentan a Galicia en enerxías renovables e na xeración de actividades económicas e postos de traballo ligados ás actividades de produción de enerxías alternativas ou de eficiencia enerxética e industrias de reciclaxe, nas que se posúe recursos como a auga, a madeira, o mar e o clima, susceptibles de seren postos en valor.

*OE 4.1. Converter o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida*

A ordenación do territorio inspírase nun desenvolvemento sustentable, a través dunha estratexia territorial integrada no conxunta da UE que se organiza dende o recoñecemento dun modelo policéntrico, no que as grandes cidades articulan o conxunto e permiten un equilibrio onde as vilas e pequenos núcleos de poboación garanten a accesibilidade e comunicación a través dunha rede de infraestruturas que respecte o ambiente como condición de preservación, e a paisaxe e os atractivos naturais como elementos diferenciais positivos na xeración de riqueza.

A existencia de áreas funcionais potenciará a posta en valor do carácter territorial de zonas de influencia metropolitana, que permitirá un desenvolvemento social, ambiental e cultural dos cidadáns. Nesta liña, un paso necesario é a creación das áreas metropolitanas como estratexia de integración territorial e funcional das grandes cidades e dos concellos do seu contorno.

No planeamento municipal en xeral, o plan contempla un impulso decidido ao proceso de formulación dos PXOM, incrementando os niveis de esixencias de protección dos valores ambientais e paisaxísticos. Nas cidades, avogarase polo cumprimento da normativa ambiental, especialmente no relativo ás augas residuais dos núcleos situados na franxa do litoral.

En relación co urbanismo, a necesidade de mellorar a calidade urbana dos pobos, vilas e cidades plasmarase no control legal e implantación de normas e medidas que lle dean prioridade ao desenvolvemento equilibrado dos concellos, a sustentabilidade ambiental e a conservación dos recursos naturais e valores paisaxísticos.

*OE 4.2. Desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio eliminando as disparida-*

*des territoriais e integrando a Galicia como cidade única*

As cidades, cabeceiras comarcais e municipios galegos mellor dimensionados ou localizados en eixes de alto crecemento, reforzaron nas pasadas décadas o seu dinamismo coa afluencia de persoas de ámbitos rurais, hoxe en reestruturación, co que se configura así un círculo expansivo para algúns municipios, e depresivo para outros.

Unha Galicia moderna e equilibrada deberá responder a un modelo de desenvolvementos múltiples, apoiando as iniciativas locais dende calquera ámbito que xurda e configurando un marco de crecemento flexible, que lles dea cabida ás potencialidades que encerran todas as áreas de Galicia, obedecendo a un método integrador cunha visión de futuro para todo o século XXI.

Para construír esa Galicia descentralizada, entendendo os valores propios e diferenciados de cada un dos espazos, e potenciando as súas vantaxes e riqueza, o plan asume numerosas actuacións sectoriais, viarias, industriais, parcelarias, enerxéticas, comunicacionais, de apoio a Administración local, etc. dotando a cada territorio de auténticas posibilidades de aproveitamento dos seus potenciais internos.

O desenvolvemento adecuado do territorio permitirá considerar a Galicia como unha cidade única, o que impulsará novas oportunidades de benestar e sustentabilidade na sociedade galega.

*OE 4.3. Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático*

Europa, España e Galicia son fortemente dependentes do abastecemento enerxético exterior, cuestión que introduce dúbidas sobre a sustentabilidade dun crecemento económico nun mundo con crecentes presións sobre as principais fontes de enerxía, esgotables.

Para o ano 2020, a Unión Europea no seu conxunto formúlase un obxectivo en materia de clima e enerxía do "20/20/20", é dicir, 20 por cento de redución de consumo de enerxía, 20 por cento da enerxía consumida procedente de enerxías renovables, e 20 por cento de redución nas emisións de gases de efecto invernadoiro, incluído un incremento de ata o 30% da redución de emisións se se deran as condicións para iso.

No caso de Galicia, o reto enerxético preséntase á vez como unha oportunidade. Gozando, en principio, de favorables condicións para a explotación de enerxía eólica, biomasa, solar ou mareomotriz, a Comunidade Autónoma está en condicións de constituírse en rexión de referencia na produción enerxética e de desenvolver un sector ligado á produción e aforro enerxético con grandes posibilidades na creación de industrias auxiliares e postos de traballo.

Esta é a opción que se contempla neste obxectivo estratéxico, que conta cun

conxunto extenso de plans e actuacións que atenden á produción de enerxía, á redución de emisións contaminantes e é a eficiencia no emprego dos recursos enerxéticos.

a) **Eixe 5: administración austera, eficiente e próxima ao cidadán**

O Eixe quinto, "Unha Administración austera, eficiente e próxima ao cidadán", incorpora medidas desde o punto de vista funcional da Administración autonómica como provedora esencial de servizos de interese xeral, impulsando actuacións máis achegadas ao cidadán, máis eficientes e accesibles, e con aproveitamento das novas tecnoloxías.

Trátase de impulsar reformas administrativas que eliminen trabas á iniciativa emprendedora, e que lle dean prioridade á austeridade e racionalidade do gasto administrativo e garantan os principios do mérito e capacidade no acceso á función pública.

Merece destacarse, a orientación que se lles confire no plan estratéxico, ás novas formas de gobernanza que contribúan a un modelo no que o entendemento, partenariado e corresponsabilidade entre os distintos intervenientes, sexan administracións públicas, axentes socioeconómicos, organizacións ou empresas e cidadáns, sexa a norma habitual.

*OE 5.1. Acadar unha Administración moderna e próxima, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeneralizando o emprego das TIC en todos os seus ámbitos de actuación*

A importancia da Administración nun modelo moderno de desenvolvemento provén tanto da súa capacidade para prestar servizos básicos en termos de eficacia como do papel orientador das actividades dos sectores e axentes privados.

Neste último eixe establécense conxuntos de medidas directamente relacionadas coa prestación de servizos necesarios para unha sociedade moderna e solidaria, tendo moi presente a necesidade de manter os rigores orzamentarios e o coidado no control dos gastos.

O fomento dunha Administración moderna e próxima ten un triplo efecto nese sentido, xa que permite a provisión de servizos de calidade a un menor custo, contribúe á extensión das novas tecnoloxías da comunicación e información na sociedade en xeral, e, dada a importancia da propia Administración no seu dobre papel como demandante de provedor de servizos, é un axente crucial á hora de conformar un potente sector galego da información.

*OE 5.2. Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia*

Este obxectivo comprende, entre outras, as actuacións relativas ao avance das fontes de financiamento de Galicia, para garantir o exercicio futuro das competencias transferidas á C.A., as actuacións no ámbito autonómico para poder mellorar a calidade dos servizos públicos sociosanitarios e económicos, os reforzos das actividades de protección civil e de

seguridade, as actuacións de amortización de débeda pública e préstamos, e as actuacións de políticas de cooperación exterior, así como as accións que permiten garantir o funcionamento e os servizos das institucións galegas.

a) **Coherencia entre os obxectivos estratéxicos e as medidas prioritarias do PEG 2010-2014**

As medidas e actuacións do Plan a desenvolver no ano 2011 intégranse nos programas de gastos orzamentarios a través dos obxectivos estratéxicos e operativos específicos, o que pon de manifesto a correspondencia coherente entre o PEG 2010-2014 horizonte 2020 e os orzamentos da Xunta de Galicia para 2011.

**Táboa 2. Relación de obxectivos estratéxicos e medidas do Eixe 1 do PEG 2010-2014**

| | |
|---|---|
| **EIXE 1: COHESIÓN SOCIAL, BENESTAR E CALIDADE DE VIDA** | |
| **MEDIDAS** | |
| **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.1: Revitalización demográfica, impulsando os nacementos e fomentando a conciliación da vida familiar e laboral** | |
| M01 | Impulsar o rexuvenecemento demográfico |
| M02 | Ampliar a cobertura da educación infantil de 0 a 3 anos como medida incentivadora da natalidade |
| M03 | Impulsar a conciliación da vida familiar e laboral, fomentando a harmonización das responsabilidades familiares e laborais entre homes e mulleres |
| **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.2: Garantir unha prestación sanitaria pública e de calidade para todos os galegos e galegas** | |
| M01 | Mellorar o nivel de saúde da poboación a través de programas de prevención e de promoción de estilos de vida saudable que permitan unha redución nas posibilidades de enfermar |
| M02 | Mellorar a calidade, accesibilidade e seguridade da asistencia sanitaria |
| M03 | Garantir o financiamento dos novos hospitais e reforzar a rede de infraestruturas sanitarias incluíndo o emprego de fórmulas de pago aprazado |
| M04 | Mellorar o rendemento, a produtividade e a eficiencia |
| M05 | Contribuír ao desenvolvemento do contorno dos centros sanitarios |
| **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.3: Garantir o acceso á educación e á cultura en condicións de igualdade no marco dun ensino de calidade para unha Galicia formada, innovadora e trilingüe** | |
| M01 | Garantir a continuidade nos estudos e a incorporación ao mercado laboral |
| M02 | Promover un sistema educativo orientado á excelencia educativa, fomentando a educación en valores como o esforzo, mérito e capacidade |
| M03 | Impulso da innovación e das TIC no sistema educativo para facilitar a aprendizaxe, transformando os centros educativos tradicionais en centros educativos dixitais |
| M04 | Actualización e formación continuada dos profesionais do ensino |
| M05 | Incrementar o número de alumnos adscritos a cursos virtuais |
| M06 | Mellorar as dotacións e as infraestruturas do ensino público |
| M07 | Incorporar a aprendizaxe de idiomas en todos os niveis educactivos, garantindo a competencia lingüística e dinamizando os usos da lingua galega na sociedade |
| M08 | Aumentar o número de titulacións oficiais impartidas nos centros de FP, con reforzo específico en materias relacionadas coa nova economía e incorporar a formación de adultos |
| M09 | Promoción de ensinanzas universitarias virtuais |
| M10 | Fomento do deporte, para gañar en calidade de vida, saúde e desenvolvemento |
| M11 | Conservación, promoción e defensa do noso patrimonio cultural, promovendo a súa difusión e desenvolvemento e garantindo o acceso ao mesmo en condicións de igualdade |
| M12 | Desenvolvemento do cluster da auga (industrial e turístico) para o maior aproveitamento e potenciación dun recurso endóxeno e exclusivo de Galicia, a grande riqueza de augas minero-medicinais e termais |
| **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.4: Atención ao benestar social** | |
| M01 | Promover a atención das persoas dependentes mediante o deseño e a provisión de servizos que lles permita mellorar a súa autonomía persoal e a súa integración social |
| M02 | Promoción da vida independente e o desenvolvemento das persoas maiores e persoas con discapacidade no seu contorno familiar e social habitual |
| M03 | Mellorar o benestar da xuventude |
| **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.5: Impulsar a igualdade de oportunidades, a inclusión social e a mellora dos servizos sociais** | |
| M01 | Impulso da igualdade de oportunidades e garantir a inclusión social e o reforzo dos servizos comunitarios municipais adaptándoas ás singularidades do contorno e garantindo o equilibrio territorial |
| M02 | Integración e incremento de servizos e prestacións á emigración galega, os seus retornados e á poboación inmigrante |
| M03 | Modificar as estruturas culturais co obxecto de remover as barreiras sociais e laborais ás mulleres |
| M04 | Establecer políticas que faciliten o acceso á vivenda, en propiedade ou en réxime de aluguer, especialmente aos colectivos desfavorecidos |

**Táboa 3. Relación de obxectivos estratéxicos e medidas do Eixe 2 do PEG 2010-2014**

| | |
|---|---|
| **EIXE 2: DINAMIZACIÓN ECONÓMICA, CRECEMENTO E EMPREGO** | |
| **MEDIDAS** | |
| **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.1: Facilitar a mobilidade das persoas e o acceso aos mercados, aumentando a accesibilidade do territorio e mellorar as redes de transporte e a seguridade viaria** | |
| M01 | Construción de vías de altas prestacións (VAPs) |
| M02 | Actuacións na rede de estradas convencionais |
| M03 | Promoción dun sistema aeroportuario integrado que optimice conxuntamente as súas infraestruturas e a unha máis ampla oferta aeroportuaria a través dos diferentes instrumentos de xestión a disposición da Xunta de Galicia; mellora da interconectabilidade entre os aeroportos, entre os aeroportos e as cidades ás que pertencen e coas restantes redes de transporte |
| M04 | Crear o ente ferroviario galego coa misión de administrar a infraestrutura ferroviaria da comunidade e aumentar o emprego do transporte ferroviario mediante o desenvolvemento de novos servizos, novas conexións cos principais nós xeradores de tráfico, tanto de viaxeiros como de mercadorías |
| M05 | Desenvolver un programa galego para a seguridade viaria e para o mantemento e conservación das estradas adicando o 3% de valor patrimonial da rede viaria |
| M06 | Impulso do transporte metropolitano nas 7 áreas metropolitanas cunha política tarifaria común |
| M07 | Incorporar novos sistemas de transporte para articular unha mobilidade metropolitana sostible, impulsando os proxectos de metro lixeiro da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo |
| M08 | Construción de intercambiadores e estacións intermodais de transporte de mercadorías e viaxeiros, deseñando áreas de descanso e aparcadoiros disuasorios |
| M09 | Mellora do transporte público de viaxeiros no ámbito rural |
| **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.2: Internacionalizar a economía galega, fomentando o investimento empresarial, o espírito emprendedor e a innovación nas empresas** | |
| M01 | Mellorar as condicións de acceso das empresas galegas ao financiamento  especialmente para proxectos novidosos e emprendedores a través das figuras do capital semente e capital risco |
| M02 | Fomentar a cooperación empresarial e proxectos transfronteirizos  con especial atención a EURORREXIÓN |
| M03 | Creación de redes *Monitoring* do portal do emprendemento e o desenvolvemento de *Business Hunting* para fomento de emprendedores  e atracción de empresas emerxentes |
| M04 | Apoios á innovación tecnolóxica creando espazos de innovación a través da creación dunha marca de excelencia empresarial galega |
| M05 | Impulsar a internacionalización do tecido produtivo galego e incrementar a captación de investimentos foráneos a través dunha política de diversificación xeográfica e sectorial, formación de recursos humanos, cooperación empresarial e de visualización  da marca "Galicia" |
| M06 | Fomento da implantación de sistemas de calidade e de procesos de xestión e innovación que acrediten o cumprimento de estándares de calidade e da marca Made in Galicia |
| M07 | Completar un mapa de solo industrial de Galicia con criterios de equilibrio territorial, accesibilidade e suficiencia de capacidade e equipamentos |
| **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.3: Potenciar a competitividade dos sectores estratéxicos mediante a política de clusters e o fomento da innovación e cooperación empresarial** | |
| M01 | Impulso ou creación dos novos clusters nos sectores tradicionais da economía galega e aqueles outros que polas súas vantaxes competitivas teñen expectativas de crecemento |
| M02 | Consolidar un centro de homologación do automóbil e impulso do vehículo enerxeticamente eficientes |
| M03 | Desenvolvemento do cluster do sector da construción naval, impulsando a diversificación e a especialización do sector |
| M04 | Intensificar o peso das industrias transformadoras da madeira ampliando as liñas de produción e a gama de produtos de valor engadido |
| M05 | Emprego de novos materiais de confección e produtos de compoñentes tecnolóxicos avanzados nas ramas de confección e industria téxtil |
| M06 | Fomentar a innovación e a dinamización do sector comercio |
| M07 | Impulso do sector agrogandeiro e do campo industria apoiando as explotacións sostibles e respectuosas ambientalmente |
| M08 | Fomento da calidade diferenciada no sector agroalimentario galego. Denominación de orixe, indicación xeográfica protexida, marcas de calidade, selos de garantía e artesanía alimentaria.Posta en valor, desde o punto de vista produtivo, comercial e turístico, do viño e da gastronomía galega |
| M09 | Estruturación do sector forestal primario. Posta en marcha de sociedades de fomento forestal |
| M10 | Aumento da produtividade forestal e fomento da xestión forestal sostible. Investigación forestal e transferencia tecnolóxica |
| M11 | Consolidar un sector galego do audiovisual |
| M12 | Aumentar a superficie e potenciar as condicións de calidade das explotacións marisqueira e de acuicultura |
| M13 | Portos. Modernización dos portos de Galicia, aumentando as actividades portuarias para adecualas a novas actividades e á especialización dos portos de Galicia |
| M14 | Posta en valor dos produtos do mar e transformados a través da seguridade, sanidade, conservación e garantías de orixe |
| M15 | Prospección, planificación, adecuación e mellora das zonas mariñas de produción baixo criterios de sostibilidade e competitividade |
| M16 | Desenvolvemento e impulso de estratexias de aposta pola competitividade dos establecementos turísticos (calidade, -e non pola cantidade- + mellora da xestión + formación) e dos destinos (desenvolvemento de produtos que incidan directamente nun maior gasto medio e/ou maior estadía media e/ou maior cota de  turismo internacional) |
| M17 | Apoio e incentivo a produtos turísticos estratéxicos en canto que aseguren a desestacionalización e a diferenciación no destino Galicia |
| M18 | Desenvolvemento dunha nova estratexia  de marketing no sector turístico |
| M19 | Promoción de Galicia como destino de turismo cultural |
| M20 | Mellorar os polígonos industriais |
| M21 | Mellorar a seguridade industrial |
| M22 | Dinamizar o sector artesanal |
| **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.4: Acadar emprego de calidade mediante a cualificación dos traballadores e a mellora das condicións de empregabilidade a través do fomento das políticas activas e preventivas no mercado laboral galego** | |
| M01 | Aumentar a empregabilidade dos traballadores galegos |
| M02 | Impulsar a formación específica para automoción, medio ambiente, enerxías renovables e construción enerxéticamente eficiente |
| M03 | Promover a difusión do canle Emprego Galicia |
| M04 | Aumentar a excelencia en materia de prevención de riscos laborais |
| M05 | Fomentar e promover a creación e consolidación de empresas de economía social |
| M06 | Impulsar a ocupación a través do fomento do espírito emprendedor |
| M07 | Impulsar a ocupación a través do apoio aos colectivos máis desfavorecidos |
| M08 | Promover a creación de postos de traballo (potenciando fundamentalmente o ámbito local e o emprendemento) |
| M09 | Mellora das relacións laborais, incluíndo o impulso aos acordos en materia laboral |

**Táboa 4. Relación de obxectivos estratéxicos e medidas do Eixe 3 do PEG 2010-2014**

| | |
|---|---|
| **EIXE 3: ECONOMÍA DO COÑECEMENTO** | |
| **MEDIDAS** | |
| **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.1: Construír unha sociedade competitiva baseándose na investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento** | |
| M01 | Reforzar a investigación no ámbito universitario galego, na vertente da investigación básica e na súa aplicación aos procesos empresariais |
| M02 | Creación e desenvolvemento de centros tecnolóxicos, centros de competencia, centros de transferencia científica e plataformas tecnolóxicas |
| M03 | Fomento da I+D+i empresarial e da investigación aplicada priorizando as iniciativas de cooperación empresarial |
| M04 | Desenvolver proxectos de I+D+i na administración autonómica e local coa finalidade de aumentar a eficacia dos servizos |
| M05 | Promover proxectos de transferencia tecnolóxica entre empresas especialmente os de carácter transfronteirizo |
| M06 | Potenciar a investigación no ámbito sanitario |
| **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.2: Modernizar e promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos produtivos, sociais e dos servizos públicos** | |
| M01 | Implantación de redes de banda longa e infraestruturas e servizos básicos de telecomunicacións que permitan a conectividade da administración, os fogares e as empresas de Galicia |
| M02 | Fomento do emprego das TIC nos fogares e negocios para aumentar a produtividade e os intercambios tecnolóxicos e culturais |
| M03 | Contribuír á formación dun sector empresarial galego da sociedade da información, facilitando o seu negocio e incluso a cooperación a través de proxectos conxuntos |
| M04 | Dinamización e consolidación do sector da comunicación |
| M05 | Incrementar a transferencia de coñecemento entre a universidade e a empresa como vía para mellorar a competitividade das nosas empresas |

| | |
|---|---|
| | **Táboa 5. Relación de obxectivos estratéxicos e medidas do Eixe 4 do PEG 2010-2014** |
| | **EIXE 4: SUSTENTABILIDADE AMBIENTAL E EQUILIBRIO TERRITORIAL** |
| | **MEDIDAS** |
| | **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.1: Converter o contorno natural nun factor positivo para o desenvolvemento de Galicia e unha mellora da calidade de vida** |
| M01 | Ordenación do territorio e política ambiental para a posta en valor da natureza e a paisaxe |
| M02 | Optimización da xestión de residuos |
| M03 | Redución dos niveis de emisión e vertidos de substancias contaminantes, especialmente dos produtos enerxéticos do carbón e gases de efecto invernadoiro |
| | **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.2: Desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio eliminando as disparidades territoriais e integrando a Galicia como cidade única** |
| M01 | Creación e desenvolvemento da paisaxe e das áreas urbanas xeradoras de mellores servizos, máis eficientes e integradoras territorialmente |
| M02 | Fixación da poboación e a súa distribución máis eficiente, diminuíndo a súa dispersión |
| M03 | Diversificación de actuacións económicas nas zonas interiores de Galicia, establecendo mecanismos de discriminación positiva a favor das zonas desfavorecidas, na liña dos Plans Impulsa Lugo, Impulsa Ourense e Ferrolterra e Comarca de Ortegal |
| M04 | Establecemento dun novo esquema de gobernanza cos concellos, introducindo fórmulas de cooperación co fin de prestar servizos máis eficientes e sostibles |
| M05 | Reforzo e colaboración coas administracións locais, para facilitarlles a mellora da atención aos cidadáns e iniciar novas formas de cooperación e gobernanza |
| M06 | Desenvolvemento do turismo como instrumento de reequilibrio territorial |
| M07 | Promover a calidade da vivenda e da rehabilitación |
| M08 | Posta en valor do Plan HURBE en colaboración coas entidades locais da comunidade autónoma |
| M09 | Creación do Sistema de Información Xeográfico e Corporativo da Xunta de Galicia |
| | **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 4.3: Eficiencia enerxética como fonte de riqueza e resposta aos desafíos do cambio climático** |
| M01 | Diversificar as fontes de enerxía aumentando a produción e o consumo de enerxías renovables a partires dos grandes recursos naturais dispoñibles en Galicia tendo en conta o seu potencial e o estado das tecnoloxías alternativas en cada momento |
| M02 | Uso racional e eficiente dos recursos e das enerxías mediante a racionalización dos edificios e construcións, as melloras dos procesos produtivos, infraestruturas de transportes e o emprego de equipos de aforro enerxético |
| M03 | Concienciar aos cidadáns da importancia dun uso responsable da enerxía que conduza á máxima eficiencia enerxética e a un modelo sostible enerxético |
| M04 | Desenvolver a implementación do Plan de Carbón 2006-2012 |
| M05 | Implementar o Plan estratéxico en materia de seguridade e saúde |

| Táboa 6. Relación de Obxectivos Estratéxicos e Medidas do Eixe 5 do PEG 2010-2014 | |
|---|---|
| EIXE 5: ADMINISTRACIÓN AUSTERA, EFICIENTE E PRÓXIMA AO CIDADÁN | |
| MEDIDAS | |
| **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5.1: Acadar unha administración moderna e próxima, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeneralizando o emprego das TIC en todos os seus ámbitos de actua** | |
| M01 | Implantación dun Plan de austeridade, que reasigne o gasto a actuacións produtivas e que beneficien aos cidadáns xunto cunha execución rigorosa do orzamento |
| M02 | Implementar a eficacia e eficiencia nos procedementos de xestión internos coa finalidade de modernizar a administración, adicando unha especial atención no emprego dos fondos europeos e introducindo novas figuras financeiras público privadas e en colabora |
| M03 | Eficiencia orzamentaria mediante integración da planificación estratéxica no proceso orzamentario, con introdución de indicadores para facilitar o seguimento e avaliación das políticas públicas |
| M04 | Optimización do potencial dos empregados públicos coa finalidade última de mellorar a calidade na prestación de servizos |
| M05 | Fomento das TIC e e-Administración, como un dos máis poderosos instrumentos dispoñibles na actualidade para a conformación dun novo modelo, esencial no apoio dos novos procedementos e sistemas de xestión e facilitando a accesibilidade e atención ao cidadá |
| M06 | Reforzo da administración de Xustiza, aumentando os medios humanos e materiais, ao obxecto de mellorar a organización e axilizar os procesos e o tempo de resposta |
| M07 | Creación, organización e difusión do coñecemento estatístico |
| M08 | Desenvolvemento das actuacións do Consello Asesor para a Integración |
| M09 | Promover actuacións de carácter social destinadas aos traballadores |
| M10 | Fomentar a transparencia na xestión dos recursos humanos da comunidade |
| M11 | Desenvolvemento da oficina de incompatibilidades e boas prácticas |
| **OBXECTIVO ESTRATÉXICO 5.2: Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia** | |
| M01 | Defensa dos dereitos e intereses económicos dos consumidores galegos e defensa da competencia |
| M02 | Protección civil e emerxencias, centrado na prevención de catástrofes naturais e os riscos derivados do cambio climático, que priorice a prevención, planificación, coordinación e información á poboación, establecendo mecanismos concretos de apoio aos conc |
| M03 | Desenvolvemento das competencias da Xunta na importante materia de seguridade cidadá, en colaboración e coordinación coas restantes administracións públicas competentes |
| M04 | Promoción da Acción Exterior de Galicia, especialmente nas relacións coa UE, Portugal e a Cooperación ao Desenvolvemento |
| M05 | Impulsar a coordinación entre o Goberno galego, o Parlamento e o Estado |
| M06 | Optimización do custo financeiro da débeda |
| M07 | Coordinación e seguimento de actuacións da Presidencia |

O Eixe 1 presenta una vinculación máis directa con 27 medidas repartidas nos seus 5 OE, destacando o OE 1.3, relacionado coa educación e a formación, con 12 medidas.

O Eixe 2, con 47 medidas, é o que contén maior número, repartidas en 4 OE. Destaca o OE 2.3, relacionado coa competitividade dos sectores estratéxicos, con 22 medidas.

As medidas vinculadas co Eixe 3 ascenden a 11, repartidas a través dos OE 3.1 (6 medidas) e 3.2 (5 medidas).

O Eixe 4 presenta 17 medidas repartidas nos seus 3 OE. Destaca o OE 4.2, vinculado co desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio, con 9 medidas, e o OE 4.3, relacionado coa eficiencia enerxética, con 5 medidas.

E finalmente, as medidas vinculadas de forma coherente co Eixe 5 son 18, repartidas a través dos OE 5.1 (11 medidas) e 5.2 (7 medidas).

## II.2. O GASTO ESTRUTURAL COMUNITARIO

As axudas máis importantes da programación comunitaria 2007-2013 da política de cohesión na Comunidade Autónoma de Galicia procede dos Fondos Estruturais FEDER e FSE (MECEGA), aos que haberá que sumarlle ao longo do período os investimentos que se cofinancien cos demais programas de Cooperación Territorial.

O gasto estrutural comunitario que consta nos presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2011 alcanza en termos de Axuda o importe de 228.166.476 euros, abarcando aos Programas Operativos de FEDER Galicia e FSE Galicia (recollidos no MECEGA), e os de Cooperación Territorial Espazo Atlantico, Espazo Sudoeste Europeo (INTERREG IV B) e o Interrexional INTERREG IV C (Táboa 7).

*Táboa 7. Distribución da Axuda estrutural comunitaria por Programas Operativos nos Presupostos 2011*

| Programas Operativos / Axuda | euros |
|---|---|
| PO FEDER Galicia | 174.320.096,00 |
| PO FSE Galicia | 52.197.888,00 |
| **Subtotal MECEGA** | **226.517.984,00** |
| PO Cooperación Territ. Transn. Espazo Atlántico | 1.068.572,05 |
| PO Cooperación Territ. Transn. Espazo Sudoeste Europeo (INTERREG IV B) | 253.391,34 |
| PO Cooperación Territ. Interrexional INTERREG IV C | 326.529,00 |
| **Subtotal Cooperación Territorial** | **1.648.492,39** |
| **Total Axuda Estrutural ppto. 2011** | **228.166.476,39** |

*Fonte: elaboración propia*

A anualidade presupostada do **PO FEDER** correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia no 2011, repartida por eixes e órganos xestores da Xunta (Táboa 8) ascende, en termos de Axuda comunitaria, a 174,32 millóns de euros. A contribución da Axuda do PO FEDER Galicia ao logro do Obxectivo de Lisboa, cun importe de 102,06 millóns de euros cumpre as condicións de porcentaxe establecidas no artigo 9.3 do Regulamento (CE) Nº 1083/2006 polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, para as rexións Obxectivo Converxencia, polo que respecta á media ao longo de todo o período de programación.

*Táboa 8. Distribución da Axuda do PO FEDER Galicia 2007-2013 por Eixes, Obxectivos MECEGA, Categorias de gasto e órganos xestores no presuposto 2011 (euros)*

| Eixe e denominación | OF MECEGA | OI MECEGA | Categoría de Gasto | Órgano Xestor | Contribución a Lisboa | Presuposto 2011 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1.- Desenvolvemento da economía do coñecemento (I+D+i) | 2 | 5 | 1 | DX Investig Desenvol e Innovac | 6.236.691 | 6.236.691 |
| | 2 | 5 | 1 | SX de Universidades | 1.952.954 | 1.952.954 |
| | 2 | 7 | 2 | SX de Universidades | 1.445.255 | 1.445.255 |
| | 2 | 5 | 3 | DX Investig Desenvol e Innovac | 400.245 | 400.245 |
| | 2 | 5 | 3 | SX de Universidades | 713.246 | 713.246 |
| | 2 | 6 | 7 | DX Investig Desenvol e Innovac | 907.881 | 907.881 |
| | 2 | 6 | 7 | IGAPE | 1.202.103 | 1.202.103 |
| | 2 | 7 | 10 | SX de Moderniz e Innovac Tecnol | 6.780.615 | 6.780.615 |
| | 2 | 7 | 10 | SX de Medios | 1.440.505 | 1.440.505 |
| | 2 | 7 | 11 | SX de Moderniz e Innovac Tecnol | 2.393.243 | 2.393.243 |
| | 2 | 7 | 13 | CIXTEC | 700.000 | 700.000 |
| | 2 | 7 | 13 | DX Administración Local | 1.442.271 | 1.442.271 |
| | 2 | 7 | 13 | SX de Moderniz e Innovac Tecnol | 4.834.716 | 4.834.716 |
| | 2 | 7 | 13 | SX C Educación e OU | 2.583.722 | 2.583.722 |
| | 2 | 7 | 13 | SX C Sanidade | 2.756.260 | 2.756.260 |
| | 2 | 7 | 14 | SX de Moderniz e Innovac Tecnol | 3.200.000 | 3.200.000 |
| | **Subtotal Eixe 1** | | | | **38.989.707** | **38.989.707** |
| 2.- Desenvolvemento e innovación empresarial | 4 | 2 | 6 | SX de Calidade e Av Ambient | 2.750.663 | 2.750.663 |
| | 1 | 8 | 8 | IGAPE | 9.895.605 | 9.895.605 |
| | 1 | 8 | 8 | DX de Comercio | 3.895.018 | 3.895.018 |
| | 2 | 6 | 9 | DX Investig Desenvol e Innovac | 4.391.000 | 4.391.000 |
| | 2 | 6 | 9 | IGAPE | 7.253.565 | 7.253.565 |
| | **Subtotal Eixe 2** | | | | **28.185.851** | **28.185.851** |
| 3.- Medio ambiente, contorno natural, recursos hidrícos e prevención de riscos | 4 | 2 | 44 | SX de Calidade e Av Ambient | 0 | 3.759.421 |
| | 4 | 2 | 45 | EP Obras e Serv Hidráulicos | 2.011.946 | 2.011.946 |
| | 4 | 2 | 46 | EP Obras e Serv Hidráulicos | 11.131.849 | 11.131.849 |
| | 4 | 2 | 47 | SX de Calidade e Av Ambient | 0 | 1.035.660 |
| | 4 | 2 | 48 | SX de Calidade e Av Ambient | 0 | 933.784 |
| | 1 | 14 | 50 | SX de Calidade e Av Ambient | 0 | 291.014 |
| | 1 | 14 | 51 | DX Conserv Natureza | 0 | 3.026.809 |
| | 4 | 2 | 53 | EP Obras e Serv Hidráulicos | 0 | 1.365.303 |
| | 4 | 2 | 53 | SX de Calidade e Av Ambient | 0 | 857.956 |
| | 4 | 2 | 53 | DX Emerxencia e Interior | 0 | 307.290 |
| | 4 | 2 | 55 | DX Conserv Natureza | 0 | 614.580 |
| | **Subtotal Eixe 3** | | | | **13.143.795** | **25.335.612** |
| 4.- Transporte e enerxía | 1 | 1 | 20 | DX Infraestruturas | 13.091.985 | 13.091.985 |
| | 1 | 1 | 23 | DX Infraestruturas | 0 | 39.983.209 |
| | 1 | 1 | 26 | DX Mobilidade | 2.890.643 | 2.890.643 |
| | 1 | 1 | 30 | EP Portos de Galicia | 2.209.234 | 2.209.234 |
| | 4 | 4 | 33 | DX Industria Enerxía e Minas | 0 | 3.378.174 |
| | 4 | 4 | 35 | DX Industria Enerxía e Minas | 0 | 366.257 |
| | 4 | 4 | 37 | DX Industria Enerxía e Minas | 0 | 366.257 |
| | 4 | 4 | 40 | INEGA | 800.043 | 800.043 |
| | 4 | 4 | 41 | INEGA | 975.052 | 975.052 |
| | 4 | 4 | 43 | INEGA | 725.039 | 725.039 |
| | **Subtotal Eixe 4** | | | | **20.691.996** | **64.785.893** |
| 5.- Desenvolvemento sostible local e urbano | 4 | 2 | 56 | DX Conserv Natureza | 0 | 2.276.170 |
| | 4 | 2 | 56 | EP Portos de Galicia | 0 | 1.983.645 |
| | 4 | 15 | 57 | SX para o Turismo | 0 | 3.139.147 |
| | 4 | 2 | 58 | DX Administración Local | 0 | 1.100.000 |
| | 4 | 2 | 58 | DX Patrimonio Cultural | 0 | 1.783.303 |
| | 4 | 15 | 59 | DX Promoción e Difusión da Cultura | 0 | 1.698.282 |
| | **Subtotal Eixe 5** | | | | **0** | **11.980.547** |
| 6.- Investimento en infraestruturas sociais | 3 | 11 | 75 | SX C Educación e OU | 0 | 2.791.308 |
| | 3 | 13 | 76 | DX Saúde Pública e Planif Sanitar | 0 | 431.369 |
| | 4 | 15 | 77 | SX de Familia e Benestar | 1.045.565 | 1.045.565 |
| | **Subtotal Eixe 6** | | | | **1.045.565** | **4.268.242** |
| 7.- Asistencia técnica | 2 | 12 | 85 | DX Planificación e Fondos | 0 | 387.122 |
| | 2 | 12 | 86 | DX Planificación e Fondos | 0 | 387.122 |
| | **Subtotal Eixe 7** | | | | **0** | **774.244** |
| **Total Axuda PO FEDER Galicia no ppto. 2011** | | | | | **102.056.914** | **174.320.096** |

*Fonte: elaboración propia*

Nótase o impulso que se dá nestes orzamentos do FEDER ao aumento da capitalización tecnolóxica e humana da economía galega, traducido na suma dos importes dos Eixes 1 e 2, relacionados respectivamente co desenvolvemento da economía do coñecemento

e coa innovación empresarial, con 67,18 millóns de euros, que representan o 38,53 % do FEDER total. Tamén destacan o importe do Eixe 4, con 64,79 millóns de euros, que esta relacionado co transporte e a enerxía, e o importe do Eixe 3, con 25,34 millóns de euros, que está relacionado co medio ambiente, contorno natural, recursos hídricos e prevención de riscos.

Entre as categorías de gasto do FEDER no presuposto de 2011 destacan as seguintes:

- A categoría de gasto 23 (Eixe 4), con 39.983.209 euros, que está relacionada coa construción de estradas convencionais dentro da rede primaria básica, primaria complementaria e rede secundaría e coa mellora na seguridade viaria e na conectividade dos núcleos de poboación dispersos, que supón o 22,93 % do total do FEDER,
- A categoría de gasto 8 (Eixe 2), con 13.790.623 euros, que está relacionada co apoio aos investimentos en empresas, a través de programas de incentivos á creación de empresas, de plans de axuda á mellora tecnolóxica, da promoción exterior das empresas galegas, de fomento de plataformas loxísticas, de creación de parques empresariais, de elaboración de plans estratéxicos, etc, que representa o 7,91 % do total do FEDER, e
- A categoría de gasto 13 (Eixe 1), con 12.316.969 euros, relacionada coa implantación da e-administración e de prestación de servizos e métodos de xestión de calidade por parte das administracións locais galegas e coa dotación de infraestruturas e equipamentos das TIC nos centros públicos de ensino, que representa o 7,07 % do total do FEDER.

A anualidade presupostada do **PO FSE** correspondente á Comunidade Autónoma de Galicia no 2011, repartida por Eixes e órganos xestores (Táboa 9) ascende, en termos de Axuda comunitaria, a 52,20 millóns de euros.

A contribución da Axuda do PO FSE de Galicia ao Obxectivo de Lisboa alcanza 49,24 millóns de euros, que representa o 94,32% do total. A esixencia regulamentaria é do 60% de porcentaxe media ao longo de todo o período de programación.

Nestes orzamentos do FSE para o ano 2011 o gasto máis elevado sitúase no Eixe 3, dirixido ao aumento e mellora do capital humano, con 18,3 millóns de euros, que supón o 35% do total Axuda do FSE. As cantidades asignadas aos eixes 1 (mellora da adaptabilidade de traballadores, empresas e empresarios) e 2 (fomento da empregabilidade, a inclusión social e a igualdade entre homes e mulleres) son similares, en torno aos 15 millóns de euros cada un, o que supón entre os dous eixes o 60 % do total FSE presupostado.

*Táboa 9. Distribución da Axuda do PO FSE Galicia 2007-2013 por Eixes, Obxectivos MECEGA, Categorías de gasto e órganos xestores no presuposto 2011 (euros)*

| Eixe e denominación | OF MECEGA | OI MECEGA | Categoría de Gasto | Órgano Xestor | Contribución a Lisboa | Presuposto 2011 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1.- Fomento do espírito empresarial e mellora da adaptabilidade de traballadores, empresas e empresarios | 3 | 10 | 62 | DX Formación e Colocación | 2.583.677 | 2.583.677 |
| | 3 | 10 | 62 | DX Promoción do Emprego | 1.278.118 | 1.278.118 |
| | 3 | 10 | 62 | DX Relacións Laborais | 500.000 | 500.000 |
| | 3 | 10 | 62 | IGAPE | 982.019 | 982.019 |
| | 3 | 10 | 63 | DX Promoción do Emprego | 4.092.139 | 4.092.139 |
| | 3 | 10 | 63 | IGAPE | 1.084.523 | 1.084.523 |
| | 3 | 10 | 64 | DX Formación e Colocación | 2.911.096 | 2.911.096 |
| | 3 | 10 | 68 | DX Promoción do Emprego | 2.227.794 | 2.227.794 |
| | **Subtotal Eixe 1** | | | | **15.659.366** | **15.659.366** |
| 2.- Fomentar a empregabilidade, a inclusión social e a igualdade entre homes e mulleres | 3 | 11 | 65 | DX Formación e Colocación | 105.333 | 105.333 |
| | 3 | 11 | 65 | DX Relacións Laborais | 570.222 | 570.222 |
| | 3 | 13 | 66 | DX Formación e Colocación | 1.373.117 | 1.373.117 |
| | 3 | 13 | 66 | DX Promoción do Emprego | 3.147.549 | 3.147.549 |
| | 3 | 9 | 69 | DX Promoción do Emprego | 1.017.783 | 1.017.783 |
| | 3 | 9 | 69 | SGI | 3.026.793 | 3.026.793 |
| | 3 | 9 | 69 | SX da Igualdade | 1.131.651 | 1.131.651 |
| | 3 | 9 | 70 | DX Formación e Colocación | 538.403 | 538.403 |
| | 3 | 9 | 70 | SX de Emigración | 400.000 | 400.000 |
| | 3 | 9 | 71 | DX Promoción do Emprego | 700.000 | 700.000 |
| | 3 | 9 | 71 | SGI | 971.379 | 971.379 |
| | 3 | 9 | 71 | SX de Familia e Benestar | 1.857.022 | 1.857.022 |
| | 3 | 9 | 71 | DX Dependencia e Aut persoal | 467.213 | 467.213 |
| | 1 | 14 | 80 | DX Promoción do Emprego | 0 | 352.904 |
| | **Subtotal Eixe 2** | | | | **15.306.465** | **15.659.369** |
| 3.- Aumento e mellora do capital humano | 3 | 11 | 72 | DX Educ, FP e Innovac Educat | 8.083.609 | 8.083.609 |
| | 3 | 11 | 72 | SX C de Mar | 1.207.800 | 1.207.800 |
| | 3 | 11 | 72 | DX Innov e Industr Agr e Forest | 806.870 | 806.870 |
| | 3 | 11 | 72 | Academia Galega de Seguridade | 537.716 | 537.716 |
| | 3 | 11 | 73 | DX Educ, FP e Innovac Educat | 2.345.944 | 2.345.944 |
| | 3 | 11 | 74 | DX I+D+I | 4.563.321 | 4.563.321 |
| | 3 | 11 | 74 | SX de Universidades | 724.000 | 724.000 |
| | **Subtotal Eixe 3** | | | | **18.269.260** | **18.269.260** |
| 4.- Promover a cooperación transnacional e interrexional | 1 | 16 | 80 | SX de Universidades | 0 | 263.099 |
| | 1 | 16 | 80 | DX Relacións Laborais | 0 | 307.198 |
| | 1 | 16 | 80 | IGAPE | 0 | 274.698 |
| | 1 | 16 | 80 | SX da Igualdade | 0 | 620.941 |
| | 1 | 16 | 80 | SX Familia e Benestar | 0 | 100.000 |
| | **Subtotal Eixe 4** | | | | **0** | **1.565.936** |
| 5.- Asistencia técnica | 2 | 12 | 85 | DX Planificación e Fondos | 0 | 521.978 |
| | 2 | 12 | 86 | DX Planificación e Fondos | 0 | 521.979 |
| | **Subtotal Eixe 5** | | | | **0** | **1.043.957** |
| **Total Axuda PO FSE Galicia ppto 2011** | | | | | **49.235.091** | **52.197.888** |

*Fonte: elaboración propia.*

Entre as categorías de gasto do FSE no presuposto de 2011 destacan as seguintes:

- A categoría de gasto 72 (Eixe 3), con 10.635.995 euros, relacionada coa aplicación de reformas nos sistemas de educación e formación para fomentar a

empregabilidade, a aprendizaxe permanente e a adaptación á sociedade do coñecemento, que supón o 20,38 % do total do FSE presupostado,

- A categoría de gasto 62 (Eixe 1), con 5.343.814 euros, que busca o desenvolvemento de sistemas e estratexias de aprendizaxe permanente nas empresas, a formación dos empregados e o fomento do espírito empresarial e a innovación, que representa o 10,24 % do total do FSE presupostado, e
- A categoría de gasto 74 (Eixe 3), con 5.287.321 euros, vinculada ao desenvolvemento do capital humano no ámbito da investigación e a innovación, e coa realización de actividades en rede entre universidades, centros de investigación e empresas, que supón o 10,13% do total do FSE presupostado.

A contribución conxunta do PO FEDER e do PO FSE aos **Obxectivos Finais e Intermedios do MECEGA** no presuposto 2011 ascende a 226,52 millóns de euros en termos de axuda (Táboa 10).

Obsérvase que cada un dos Obxectivos Finais do MECEGA sobrepasa o 19% do gasto estrutural comunitario que a Xunta cofinanciará cos fondos FEDER e FSE nos presupostos da comunidade Autónoma para o 2011, o que é coherente coa estratexia da política de cohesión da UE para o período 2007-2013.

Os obxectivos orientados a dinamizar a economía rexional e a reforzar a competitividade do tecido produtivo galego absorben o 57,24% do total dos Fondos Estruturais, OF 1 e OF 2. Dentro destes dous Obxectivos Finais, que representan un peso moi significativo no total, sobresaen os fondos destinados a financiar redes transeuropeas de transporte, a impulsar a intermodalidade e a mellorar a accesibilidade (un 25,68% do total dos fondos). Tamén destacan as medidas dirixidas ao apoio ao investimento empresarial na súa proxección internacional e no acceso ao financiamento, ao fomento da innovación empresarial e as orientadas a fortalecer a competitividade das empresas apoiando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico que supoñen o 28,42% do total de recursos nestes dous Eixes (o 16,27% do total dos fondos), e os destinados á extensión e difusión das tecnoloxías da información, as comunicacións e as plataformas loxísticas (un 12,17% do total dos fondos).

*Táboa 10. Grao de contribución da Axuda presupostada FEDER e FSE no 2011 aos Obxectivos Finais e Intermedios do MECEGA 2007-2013 (euros)*

| Obxectivos Finais e Intermedios do MECEGA | FEDER | FSE | TOTAL | % |
|---|---|---|---|---|
| **OF 1: IMPULSAR E DINAMIZAR A ECONOMÍA REXIONAL FACENDO DE GALICIA UN LUGAR MÁIS ATRACTIVO PARA INVESTIR E TRABALLAR.** | | | | |
| OI 1. Completar a conexión coas redes transeuropeas de transporte; impulsar a intermodalidade e interoperabilidade dos diferentes transportes; mellorar a accesibilidade interior do seu territorio e fomentar a seguridade vial. | 58.175.071 | | 58.175.071 | 25,68 |
| OI 8. Apoiar o investimento empresarial en aras dunha mellora na proxección internacional e no acceso ao financiamento. | 13.790.623 | | 13.790.623 | 6,09 |
| OI 14. Apoiar o desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas e rurais atendendo os seus problemas socioeconómicos e ambientais. | 3.317.823 | 352.904 | 3.670.727 | 1,62 |
| OI 16. Fomentar a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional centrando as actuacións en apoio do crecemento e a creación de emprego, e concretamente mellorando a interconexión física e intanxible dos territorios. | | 1.565.936 | 1.565.936 | 0,69 |
| **Subtotal OF 1** | **75.283.517** | **1.918.840** | **77.202.357** | **34,08** |
| **OF 2: INCREMENTAR A COMPETITIVIDADE DO TECIDO PRODUTIVO GALEGO A TRAVÉS DO COÑECEMENTO E A INNOVACIÓN.** | | | | |
| OI 5. Fortalecer a competitividade das empresas apoiando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico (I+DT). | 9.303.136 | | 9.303.136 | 4,11 |
| OI 6. Fomentar a innovación empresarial e impulsar as iniciativas de cooperación empresarial orientadas cara a produción, a difusión e a utilización de novos coñecementos polas empresas. | 13.754.549 | | 13.754.549 | 6,07 |
| OI 7. Estender e difundir as tecnoloxías da información, as comunicacións e as plataformas loxísticas, garantindo a penetración no conxunto da sociedade e a dispoñibilidade de infraestruturas. | 27.576.587 | | 27.576.587 | 12,17 |
| OI 12. Reforzar a capacidade de xestión da administración rexional en apoio á eficacia e transparencia na execución e avaliación de políticas públicas. | 774.244 | 1.043.957 | 1.818.201 | 0,80 |
| **Subtotal OF 2** | **51.408.516** | **1.043.957** | **52.452.473** | **23,16** |
| **OF 3: AUMENTAR A COHESIÓN SOCIAL E TERRITORIAL DE GALICIA MELLORANDO OS NIVEIS DE CUALIFICACIÓN, A CALIDADE DO EMPREGO E A INCLUSIÓN SOCIAL.** | | | | |
| OI 9. Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos. | | 10.110.244 | 10.110.244 | 4,46 |
| OI 10. Contribuír á adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral. | | 15.659.366 | 15.659.366 | 6,91 |
| OI 11. Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación de acordo coas necesidades reais da sociedade, a economía e as empresas. | 2.791.308 | 18.944.815 | 21.736.123 | 9,60 |
| OI 13. Reforzar o investimento na promoción e prevención no mercado de traballo e no benestar sanitario. | 431.369 | 4.520.666 | 4.952.035 | 2,19 |
| **Subtotal OF 3** | **3.222.677** | **49.235.091** | **52.457.768** | **23,16** |
| **OF 4: REFORZAR A SINERXIA ENTRE CRECEMENTO E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE.** | | | | |
| OI 2. Reforzar o potencial medioambiental rexional como vehículo de desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando o contorno. | 31.911.570 | | 31.911.570 | 14,09 |
| OI 3. Favorecer o uso de modos de transporte menos contaminantes que contribúan a mobilidade sostible. | | | 0 | 0,00 |
| OI 4. Reducir a dependencia enerxética e optimizar os recursos enerxéticos existentes (enerxías renovables). | 6.610.822 | | 6.610.822 | 2,92 |
| OI 15. Complementar as políticas sectoriais, especialmente na dotación de servizos de interese económico xeral e no desenvolvemento económico sostible de zonas de alto potencial de crecemento. | 5.882.994 | | 5.882.994 | 2,60 |
| **Subtotal OF 4** | **44.405.386** | **0** | **44.405.386** | **19,60** |
| **TOTAL MECEGA ppto. 2011** | **174.320.096** | **52.197.888** | **226.517.984** | **100** |

*Fonte: elaboración propia.*

O 42,76% restante dos fondos neste exercicio orzamentario destínase a actuacións dirixidas a incidir no mercado de traballo galego (23,16%) e ás relacionadas co medio ambiente e o desenvolvemento sostible (19,60%), OF 3 e OF 4 respectivamente.

No primeiro caso dedícase o 71,28% dos recursos (o 16,51% do total dos fondos estruturais) ás medidas orientadas a mellorar as cualificacións e adecuacións da formación dos traballadores ás necesidades do tecido produtivo galego.

Por último, as medidas dirixidas a reforzar o potencial medioambiental como vehículo para o desenvolvemento económico sostible absorben o 71,86% do orzamento do obxectivo 4 (14,09% do total dos fondos estruturais) e as orientadas á redución da dependencia enerxética supoñen un 14,88% do total dos recursos (o 2,92% do total dos fondos).

A anualidade presupostada para o ano 2011 do **PO de Cooperación Territorial Transnacional Espazo Atlántico** ascende a 1.068.572 euros (Táboa 11).

O Eixe 2, relacionado coa protección do medio mariño e costeiro, é o que presenta un maior presuposto, con 566.909 euros, que supón o 53% do total da Axuda FEDER. Entre os proxectos presupostados destaca "Cantata 2" (Eixe 1), cun montante de 118.449 euros de Axuda.

*Táboa 11. Distribución da Axuda FEDER do PO Espazo Atlántico 2007-2013 por Eixes, Prioridades e Proxectos no presuposto 2011 (euros)*

| Eixe | Denominación | Prioridade | Proxecto | Convocatoria | Órgano Xestor | Presuposto 2011 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Promover redes transnacionais empresariais e de innovación | 1.1 | Biotecmar | 1ª | Fundación CETMAR - Centro Tecnológico del Mar | 24.407,50 |
| | | 1.1 | Atlant-Kis | 1ª | DX de I+D+i | 59.267,00 |
| | | 1.3 | Cantata 2 | 1ª | Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) | 118.449,00 |
| | | 1.3 | Atventure | 1ª | IGAPE | 34.941,08 |
| | | 1.3 | Atclusters | 1ª | IGAPE | 10.786,75 |
| | | 1.3 | Nea 2 | 1ª | DX Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro | 29.281,00 |
| | | | | 1ª | Ente Público Portos de Galicia | 39.681,00 |
| | | 1.3 | Imaginaatlántica | 2ª | Oficina de Información Europea para Xoves | 61.269,22 |
| | | 1.3 | Ecoinnova | 2ª | Fundación Galicia-Europa | 43.565,45 |
| | | **Subtotal Eixe 1** | | | | **421.648,00** |
| 2 | Protexer, asegurar e valorar de forma sostible o medio mariño e costeiro | 2.1 | Arcopol | 1ª | Fundación CETMAR - Centro Tecnológico del Mar | 82.164,00 |
| | | | | | METEOGALICIA | 12.494,00 |
| | | | | | DX Recursos Mariños | 30.258,00 |
| | | | | | INTECMAR | 42.250,00 |
| | | 2.1 | Marleanet | 2ª | Fundación CETMAR - Centro Tecnológico del Mar | 97.474,47 |
| | | 2.2 | Prespo | 1ª | Fundación CETMAR - Centro Tecnológico del Mar | 84.012,50 |
| | | 2.2 | Easyco | 1ª | INTECMAR | 43.355,00 |
| | | | | | METEOGALICIA | 12.825,00 |
| | | 2.2 | Maia | 2ª | DX de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños | 101.947,95 |
| | | 2.4 | Ancorim | 1ª | Fundación CETMAR - Centro Tecnológico del Mar | 19.698,13 |
| | | 2.4 | Reinfforce | 1ª | DX Montes | 40.430,00 |
| | | **Subtotal Eixe 2** | | | | **566.909,05** |
| 4 | Valorar as sinerxias transnacionais en materia de desenvolvemento urbano e rexional | 4.1 | Climatlantic | 2ª | Conselleria de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas | 80.015,00 |
| | | **Subtotal Eixe 4** | | | | **80.015,00** |
| **Total Axuda Espazo Atlántico ppto. 2011** | | | | | | **1.068.572,05** |

*Fonte: elaboración propia.*

A anualidade presupostada para o ano 2011 do **PO de Cooperación Territorial Transnacional Espazo Sudoeste Europeo (INTERREG IV B)** ascende a 253.391 euros (Táboa 12).

O Eixe 1, relacionado coa innovación tecnolóxica é o que presenta un maior presuposto con 122.892 euros, que supón o 48,50 % do total da Axuda FEDER. Entre os proxectos presupostados destaca o "Termared" (Eixe 1), con 74.632 euros de Axuda.

*Táboa 12. Distribución da Axuda FEDER do PO Espazo Sudoeste Europeo (INTERREG IV B) 2007-2013 por Eixes, Prioridades e Proxectos no presuposto 2011 (euros)*

| Eixe | Denominación | Prioridade | Proxecto | Convocatoria | Órgano Xestor | Presuposto 2011 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Promoción da innovación e a constitución de redes estables de cooperación en materia tecnolóxica | 1.3 | Winetech | 1ª | EVEGA-INGACAL | 48.259,59 |
| | | 1.3 | Termared | 1ª | Dirección Xeral de Turismo | 74.632,50 |
| | | **Subtotal Eixe 1** | | | | **122.892,09** |
| 2 | Mellora da sostibilidade para a protección e conservación do medio e o contorno natural do SUDOESTE | 2.53 | Adaptaclima | 1ª | Instituto Galego da Vivenda e Solo | 59.199,75 |
| | | 2.53 | Adaptaclima | 1ª | Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental | 23.299,50 |
| | | **Subtotal Eixe 2** | | | | **82.499,25** |
| 3 | Integración harmoniosa do espazo do SUDOESTE e mellora da accesibilidade ás redes de información | 3.11 | Viajando por Besanas | 1ª | TURGALICIA | 48.000,00 |
| | | **Subtotal Eixe 3** | | | | **48.000,00** |
| **Total Axuda Espazo Sudoeste ppto 2011** | | | | | | **253.391,34** |

*Fonte: elaboración propia.*

A anualidade presupostada para o ano 2011 do **PO de Cooperación Territorial Interrexional INTERREG IV C** ascende a 326.529 euros (Táboa 13).

*Táboa 13. Distribución da Axuda FEDER do PO Interrexional INTERREG IV C 2007-2013 por Eixes, Prioridades e Proxectos no presuposto 2011 (euros)*

| Eixe | Prioridade | Subtema | Proxecto | Convocatoria | Órgano Xestor | Presuposto 2011 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Innovación e Economía do Coñecemento | A Sociedade da Información | EVITA | 1ª | Sociedade Anónima de Xestión Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA | 33.000,00 |
| | | | I-SPEED | 2ª | Dirección Xeral de Turismo | 29.010,79 |
| | | Investigación, Innovación e Desenvolvemento Tecnolóxico | ECREIN+ | 2ª | Consellería de Innovación e Industria | 19.500,00 |
| | | | PROSESC | 2ª | DX de I+D+i | 57.176,25 |
| | | Emprego, capital humano e educación | DART | 2ª | Consellería de Traballo e Benestar | 49.625,84 |
| | | **Subtotal Eixe 1** | | | | **188.312,88** |
| 2 | Medio ambiente e prevención de riscos | Riscos naturais e tecnolóxicos | F:ACTS! | 2ª | Consellería do Medio Rural | 57.987,87 |
| | | Xestión da auga | SuPorts | 2ª | Ente Público Portos de Galicia | 80.228,25 |
| | | **Subtotal Eixe 2** | | | | **138.216,12** |
| **Total Axuda Espazo Sudoeste ppto 2011** | | | | | | **326.529,00** |

*Fonte: elaboración propia.*

O Eixe 1, relacionado coa innovación e a economía do coñecemento é o que presenta un maior presuposto con 188.313 euros, que supón o 57,67 % do total da Axuda FEDER. Entre os proxectos presupostados destaca o "Suports" (eixe 2), con 80.228 euros de Axuda.

## II.3. AS POLÍTICAS SECTORIAIS DA UE EN GALICIA

**O Fondo Europeo de Pesca (FEP)** 2007-2013 créase para garantir a viabilidade do sector europeo da pesca e a acuicultura, substituíndo a partir de 2007 ao antigo IFOP.

O FEP está deseñado para servir de ferramenta de apoio á sustentabilidade do sector, mediante axudas que fomentarán e acompañarán o axuste das flotas pesqueiras aos recursos dispoñibles (en particular, cando se atopen en perigo as poboacións de peixes) e o desenvolvemento da acuicultura. A dimensión ambiental tamén queda reforzada, a través dun grupo de medidas para promover o carácter selectivo das actividades e reducir o impacto negativo da pesca e a acuicultura no medio ambiente. O Fondo tamén dedica maior atención aos recursos humanos do sector, proporcionando respostas axeitadas ás necesidades económicas e sociais dos traballadores. O financiamento de estratexias de desenvolvemento local, concibidas e postas en práctica polos propios interesados, permitirá que o FEP realice unha contribución maior ao desenvolvemento sostible das zonas

pesqueiras (en especial, cando estas manifesten unha forte dependencia das actividades do sector).

O FEP centra a súa actuación en cinco ámbitos prioritarios (Eixes), que responden á súa misión de contribuír á aplicación das medidas adoptadas no marco da reforma da Política Pesqueira Común (PPC) para garantir a sustentabilidade da pesca nos planos económico, social e medioambiental.

A Táboa 14 recolle a distribución da Axuda comunitaria FEP Galicia por Eixes, medidas e órganos xestores da Xunta no presuposto do ano 2011 (61,69 millóns de euros).

Destaca o gasto presupostado no Eixe 2, vinculado coa acuicultura, transformación e comercialización, que con 27,12 millóns de euros é o de maior importe e representa o 43,95% do total da Axuda presupostada. Tamén sobresae o Eixe 1, relacionado coa adaptación da flota comunitaria (17,16 millóns de euros, 27,82% de representación) seguido do Eixe 3 (12,53 millóns de euros, 20,31% do total da Axuda presupostada). No Eixe 4 (4,20 millóns de euros, 6,81% do total), impulsarase o desenvolvemento das zonas delimitadas do litoral e os Grupos de acción costeira creados.

*Táboa 14. Distribución da Axuda PO FEP Galicia por eixes, medidas e órganos xestores no presuposto 2011 (euros)*

| Eixe e Denominación | Medidas | Órgano Xestor | Presuposto 2011 |
|---|---|---|---|
| 1.- Adaptación da flota comunitaria | 1.1 | DX Competitividade | 8.327.200 |
| | 1.3 | | 6.859.073 |
| | 1.4 | | 305.000 |
| | 1.5 | | 1.672.941 |
| **Subtotal Eixe 1** | | | **17.164.214** |
| 2.- Acuicultura, Transformación e Comercialización | 2.1.2 | DX Competitividade | 8.540.000 |
| | 2.3 | | 18.577.602 |
| **Subtotal Eixe 2** | | | **27.117.602** |
| 3.- Medidas de interese público colectivo | 3.1.1 | DX Ordenación e Xestión dos recursos mariños | 1.830.000 |
| | 3.1.2 | | 4.530.638 |
| | 3.2.1 | | 120.861 |
| | 3.3 | DX de Desenvolvemento Pesqueiro | 2.617.385 |
| | 3.4 | DX Competitividade | 1.995.406 |
| | 3.5 | | 1.278.260 |
| | 3.6 | DX de Desenvolvemento Pesqueiro | 162.565 |
| **Subtotal Eixe 3** | | | **12.535.115** |
| 4.- Desenvolvemento sostible das zonas costeiras | 4.1 | DX de Desenvolvemento Pesqueiro | 4.201.171 |
| **Subtotal Eixe 4** | | | **4.201.171** |
| 5.- Asistencia técnica | 5.1 | DX Competitividade | 671.000 |
| **Subtotal Eixe 5** | | | **671.000** |
| **TOTAL Axuda FEP ppto.2011** | | | **61.689.102** |

*Fonte: elaboración propia.*

Entre as medidas de gasto do FEP no presuposto de 2011 destacan as seguintes:

- A medida 2.3 (Eixe 2), con 18.577.602 euros, que busca dispoñer dunha estrutura produtiva e de distribución axeitada, moderna, e que mellore a rendibilidade da empresa coa aplicación das novas tecnoloxías, que supón o 30,11% do total do FEP presupostado.
- A medida 2.1.2 (Eixe 2), con 8.540.000 euros que, a través de investimentos dirixidos ao incremento da produción por construción ou ampliación de explotacións e incremento do número de crías, representa o 13,84% do total da Axuda FEP 2011.
- A Medida 1.1 (Eixe 1), con 8.327.000 euros, vinculada coa paralización definitiva de actividades pesqueiras, que supón o 13,49% do total da Axuda presupostada.

**O Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER)** 2007-2013 pretende a promoción dun desenvolvemento rural sostible en toda a Comunidade Autónoma como complemento das políticas de apoio ao mercado e aos ingresos aplicadas no marco da política agrícola común, a política de cohesión e a política pesqueira común.

A Axuda comunitaria ao desenvolvemento do medio rural contribuirá a aumentar a competitividade da agricultura e a silvicultura mediante axudas á reestruturación, o desenvolvemento e a innovación, a mellorar o medio ambiente e o medio rural mediante axudas á xestión das terras, a mellorar a calidade de vida nas zonas rurais e fomentar a diversificación da actividade económica.

A Táboa 15 recolle a distribución da Axuda comunitaria FEADER Galicia por Eixes, medidas e órganos xestores da Xunta no presuposto do ano 2011 (102,10 millóns de euros).

Destaca o gasto do Eixe 1, relacionado co aumento da competitividade do sector agrícola, con apoio especial ás explotacións e empresas lácteas, e forestal, que con 43,06 millóns de euros supón o 42,17% do total da Axuda FEADER. Tamén sobresaen o Eixe 2, vinculado coa mellora do medio ambiente e do contorno rural, que con 39,35 millóns de euros representa o 38,54% do total da Axuda presupostada, e o Eixe 3, relacionado coa calidade de vida nas zonas rurais e a diversificación da economía rural, que con 11,17 millóns de euros supón o 10,94% do total da Axuda FEADER presupostada para o ano 2011.

*Táboa 15. Distribución da Axuda FEADER Galicia por eixes, medidas e xestores no presuposto 2011 (euros)*

| EIXE | MEDIDA | Órganos xestores | Presuposto 2011 |
|---|---|---|---|
| 1- Incrementar a competitividade do sector agrícola e forestal | 111 - Inform. e Form Profesional | DX Innov. e Industrias Agrarias e Forestais | 1.000.000 |
| | 112 - Instal. Xoves agricultores | DX Producción Agropecuaria | 4.589.819 |
| | 113 - Jubilac. anticip. agricultores | | 2.417.520 |
| | 114 - Serv.asesor. para agricultores | | 1.554.120 |
| | 115 - Implant. serv. ases. explotac agric | | 1.805.840 |
| | 121- Modern. explotacións agrarias | | 9.868.005 |
| | 122- Aumt. valor econom. dos bosques | DX Montes | 2.748.299 |
| | 123.10 Aumt. valor engad prod.agric forest. | DX Innov. e Industrias Agrarias e Forestais | 10.692.231 |
| | 123.30 Aumt. valor engad prod.agric forest. | | 900.000 |
| | 124- Coop. novos prod. agr.alim. forest. | | 1.000.000 |
| | 125- Mellora e desen. Infraest. agr.forest. | DX Desenvolvemento rural | 5.025.721 |
| | 131- Ax. agricult. adapt. norm. comunit. | DX Producción Agropecuaria | 57.560 |
| | 132- Apoio agric. prog. calid. alimentos | DX Innov. e Industrias Agrarias e Forestais | 402.920 |
| | 133- Apoio agrup. prod. calidade aliment. | | 1.000.000 |
| **TOTAL EIXE 1** | | | **43.062.035** |
| 2- Mellora do medio ambiente e do contorno rural mediante a xestión das terras | 211- Axudas inden.dific.naturais montaña | FOGGA | 4.746.979 |
| | 212- Ax. inden.dific.naturais no montaña | | 2.309.864 |
| | 214- Medidas agroambientais | FOGGA | 13.986.581 |
| | 214- Conserv.recurs xenéticos/gandería | DX Producción Agropecuaria | 670.574 |
| | 214.23 Conserv.recurs xenéticos/cultivos | DX Innov. e Industrias Agrarias e Forestais | 46.048 |
| | 215- Axudas o benestar dos animais | FOGGA | 13.277 |
| | 216- Axudas invet. non produtivas | DX Conservación da Natureza | 760.790 |
| | 221- Prim. repoboac. forest.terras agric. | DX Montes | 616.813 |
| | 223- Prim. repoboac.forest terras non agr. | | 3.967.243 |
| | 226- Recup. forest. e impl. med. prevent. | | 12.232.065 |
| **TOTAL EIXE 2** | | | **39.350.234** |
| 3- Fomento da diversificación economía e mellora da calidade de vida nas zonas rurais | 312.30- Ax creac.microempresas/Industria | DX Innov. e Industrias Agrarias e Forestais | 374.140 |
| | 312-10- Ax. creac. desenv. microempresas | DX Desenvolvemento rural | 4.758.288 |
| | 312.20- Ax.creac. Microempresas forestais | DX Montes | 1.036.080 |
| | 321.10 Serv. bás. para econ. e poboac. rur. | DX Desenvolvemento rural | 408.060 |
| | 321.20 Serv bás rur Enerx renov | | 1.404.032 |
| | 321.30 Serv bás rur Infraestrut | | 2.300.417 |
| | 323- Conserv.e mellora patrimonio rural | DX Montes | 431.946 |
| | | DX Producción Agropecuaria | 460.480 |
| **TOTAL EIXE 3** | | | **11.173.443** |
| 4- Fomento da gobernanza nas zonas rurais a través do enfoque LEADER | 413- Estr. des. local: Calid. vida e divers. | DX Desenvolvemento rural | 5.445.587 |
| | 421- Coop. transnacional e interrexional | | 200.000 |
| | 431- Func. grupo acción local prom. Territ. | | 2.009.374 |
| **TOTAL EIXE 4** | | | **7.654.961** |
| 5- As. técnica | 511- Asistencia técnica | SX Consellería Medio Rural | 612.638 |
| | | DX Desenvolvemento rural | 250.762 |
| **TOTAL EIXE 5** | | | **863.400** |
| | | | |
| **TOTAL FEADER** | | | **102.104.073** |

*Fonte: elaboración propia*

Entre as medidas de gasto da Axuda FEADER no presuposto 2011, sobresaen as seguintes:

- A medida 214 (Eixe 2), con 14.703.203 euros, que está relacionada co impulso das axudas agroambientais, representa o 14,40% da Axuda total FEADER.
- A medida 226 (Eixe 2), con 12.232.065 euros, que está relacionada coa recuperación forestal e a implantación de medidas preventivas, supón o 11,97% da Axuda total FEADER.
- A medida 123 (Eixe 1), con 11.592.231 euros, que busca aumentar o valor engadido dos produtos agrícolas e forestais, representa o 11,35% da Axuda total FEADER.

## II.4. O FONDO EUROPEO DE ADAPTACIÓN A GLOBALIZACIÓN (FEAG)

De acordo cos Regulamentos (CE) Nº 1927/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro de 2006, polo que se crea o Fondo Europeo de Adaptación á Globalización e Nº 546/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xuño de 2009, que modifica o Regulamento (CE) Nº 1927/2006 e co punto 28 do Acordo Interinstitucional, do 17 de maio de 2006, entre o Parlamento Europeo, o Consello e a Comisión sobre disciplina orzamentaria e boa xestión financeira, a Comisión Europea decidiu mobilizar una axuda de 1.844.700 € para a C. A. a través do FEAG, para financiar medidas activas no mercado laboral galego, onde a Xunta de Galicia aportará a cantidade adicional de 993.300 €.

O FEAG, que é un dos catro instrumentos ao marxe dos teitos de gastos acordados no marco financeiro 2007-2013, cos que a UE poder actuar rapidamente ante acontecementos excepcionais ou imprevistos, proporcionando unha certa flexibilidade, cun límite máximo anual de 500 millóns de euros, creouse para proporcionar apoio adicional e para financiar medidas activas nos mercados laborais destinadas exclusivamente a axudar aos traballadores despedidos como consecuencia de cambios estruturais importantes nos patróns do comercio mundial debidos á globalización e para axudalos a reintegrase ao mundo laboral.

Tras producirse o despedimento en 82 empresas galegas do sector téxtil de 703 traballadores cuxa actividade estaba clasificada na división 14 ("confección de prendas de vestir") da NACE, revisión 2, na rexión NUTS 2 de Galicia (ES11), España presentou ao FEAG a solicitude de axuda FEAG/2010/003 ES/Galicia Téxtiles, que logo dun exame minucioso a Comisión concluíu que se cumpren as condicións para unha contribución financeira conforme ao artigo 10 do Regulamento (CE) Nº 1927/2006. O FEAG cofinanciará un paquete coordinado de servizos personalizados á reintegración no mercado de traballo do que se beneficiarán un total de 500 traballadores de ditas empresas (Táboa 16).

*Táboa 16. Servizos personalizados e desglose dos seus custos estimados cofinanciados polo FEAG en Galicia*

| Accións | Custo total (FEAG e cofinaciación nacional) |
|---|---|
| **Servizos personalizados** (artigo 3, 1º apdo. do Rgto. (CE) Nº 1927/2006) | |
| Orientación profesional | 1.125.000 |
| Formación e reciclaxe | 675.000 |
| Fomento do espírito empresarial | 225.000 |
| Permisos para mobilidade | 140.000 |
| Permisos para formación | 280.000 |
| Axudas para a conciliación | 200.000 |
| **Subtotal para servizos personalizados** | **2.645.000** |
| **Gastos para a aplicación do FEAG** (artigo 3, 3º apdo. do Rgto. (CE) Nº 1927/2006) | |
| Actividades de preparación | 123.000 |
| Xestión | 15.000 |
| Información e publicidade | 25.000 |
| Actividades de control | 30.000 |
| **Subtotal de gastos para aplicación do FEAG** | **193.000** |
| **Custo total estimado** | **2.838.000** |
| **Contribución do FEAG (65 % do custo total)** | **1.844.700** |

A Dirección Xeral de Relacións Laborais é o órgano que xestiona a execución do Fondo en Galicia. Nos orzamentos de 2011 fixase unha partida presupostaria de 417.857 € en termos de axuda FEAG.